

# A inundación do blogomillo

Máis de 5000 persoas escribe cunha periodicidade desigual novas entradas no seu blog, contesta comentarios e participa nos debates e tertulias propostos noutros blogs: un campo comunicativo e creativo que resulta dun extraordinario interese. POR MANUEL ÁNGEL CANDELAS

COLODRÓN

A LINGUA GALEGA POSÚE no mundo dos blogs o seu máis fértil xacemento. Con periodicidade variada pero teimuda, centos de persoas, con moi diferentes gustos e vontades, publican na rede as súas anotacións sobre calquera cousa. Todas elas, máis de cinco mil segundo os últimos recontos (non todos agora operativos), constitúen o chamado Blogomillo, un fenómeno cultural de primeiro orde que pode resultar descoñecido para boa parte da sociedade, refractaria ou indiferente a esta indubidable mostra de enerxía creadora. A suma das anotacións e mesmo dos comentarios escritos en lingua galega nun só día supera a calquera medio de comunicación e pode equivaler á produción en papel de varias semáns. Ignorarmos esta fascinante industria cultural, xeradora motu proprio dunha riquísima literatura á marxe de calquera estímulo oficializador, resulta nestes tempos insólito e imperdoable.

Non é doado establecer o primeiro alento dos blogs. Unha pulsión expresiva, que algúns tildan de hipertrofia do eu e os máis de onanismo verbal, parece ser a causa primeira. Pero tamén a dun certo recoñecemento social e, por qué negalo, o ambicioso prurito de crear opinión ou de apurar debates de alcance social. Non é estraño que unha das materias que máis se estenden polo blogomillo sexa a discusión política. Aínda que non exentos de inescusables efusións persoais, os blogs *Dpaso* (Manuel J. Barreiro), *Calidonia*, *Zerovacas* (Marcos S. Pérez), *Sihomesí* (Xosé Manuel Pereiro), *Cousas de Imeneo*, *O demo me leve* ou *Croques* (Perfecto Conde) comentan, desde unha perspectiva obrigadamente crítica e libérrima, a súa actualidade política. A súa

formación e nalgúns casos oficio (xornalistas, peritos en política) axudan a compoñer figuras de contrapoder en tempos revoltos (Prestige, a guerra de Irak), pero tamén a instalar vixiantes necesarios das eivas do presente. A reflexión política sempre xorde a carón dunha inevitable preocupación polo mundo da cultura. Os veteranos e seguidísimos blogs (máis de 500 persoas entran diariamente) de *Brétemas* (do editor Manuel Bragado) e de *As uvas na solaina* (do historiador ourensán Marcos Valcárcel) alternan as anotacións sobre política (retrucadas con numerosos comentarios polémicos) con informacións e aportacións acerca de eventos culturais. Constitúen un marco de referencia do debate político-cultural e exercen, sen dúbida, unha clara influencia no foro político galego: moitos xornalistas (de letra impresa) e intelectuais confesan a consulta diaria destes blogs, animados polo interese que provocan tales debates.

## PRIMA QVAE VITAM

A presenza da cultura é moi notable noutros cadernos, coma *Capítulo 0* (Manuel Gago: cun coidado exquisito na súa

presentación), *Fragmentos da Galaxia* (Juan Blanco Valdés: que comezou como plataforma dun editor) ou *Lándoa* (Arturo Casas: que a partir da literatura emprende especulacións máis amplas), que hoxe conforman lugares de visita obrigada. Outros blogs, cunha particular tendencia pola literatura, preséntanse como espazos críticos, de análise de libros ou como foros de animación poética: tales son os casos de *Trasalba*, *O levantador de minas* (coa incorporación novidosa de vídeos para amosar presentacións ou lecturas poéticas) ou *Ferradura en tránsito* (Xosé M. Eyré, que adianta as súas críticas, en interesante borrador nalgúns casos, para os lectores en rede), páxinas hoxe indispensables para a información e a crítica literarias.


A creación non podía ficar allea a esta nova modalidade de expresión: nesta paisaxe virtual agroman interesantes propostas, que en xeral misturan texto, imaxes e bandas sonoras, coma a bitácora ...mmm... de Estibaliz Espinosa (un hiperespazo do eu), *Casatlántica* de María Lado (con podcasts poéticos), *Ovnis e issoglosas*



A Pícara de Allegue  
Neta de Allegue e do Santo.

07 Novembro 2008

Estación + interna do ciclo anual.



Un dos blogs máis chamativos visualmente é o da Pícara de Allegue

de Igor Lugrís (con reflexos do agit-pop), *A pícara de Allegue* (con olladas oblicuas do cotián), *Haicu* de Leo (con escatolóxico orientalismo), *Selva de Esmelle* (coa elegante sensualidade de X), *Cartafol de silencio* (co lirismo da imprescindible Sara Jess), *Chantos na chaira* (coa intelixencia espilida de Lourixe), Modesto Fraga (desde Fisterra), ou o recente *Clubdalcaceta*, de María Reimóndez. O predominio dunha voz feminina visible mesmo en corpos que se exhiben en galería de imaxes engade un particular interese a este fenómeno concreto da literatura en rede.

Noutros casos, escritores coñecidos polo seu éxito editorial en papel complementan a súa presenza con blogs, para prolongaren, obrigados pola enerxía do espazo virtual, a súa relación cos lectores posibles, pero, sobre todo, para crearen autónomamente novos textos: tal é o caso de Jaureguizar e

ALGÚNS BLOGS EXERCEN UNHA CLARA INFLUENCIA NO FORO POLÍTICO GALEGO

ESCRITORES COÑECIDOS POLO SEU ÉXITO EDITORIAL EN PAPEL COMPLEMENTAN A SÚA PRESENZA CON BLOGS

## O levantador de minas

A literatura, as súas ramas e as súas raíces. Outros sentidos.

Unha de las cosas que me gusta de este blog es que me permite compartir con vosotros mis pensamientos y opiniones sobre la literatura y el mundo.

### Bon 2009!

By Alfredo Ferrero | diciembre 19, 2008




### A Coruña Son 2009!



Comentarios recientes

- AGIL en Sobre a elección por publicar (crítica)
- Alfredo Ferrero en Sobre a elección por publicar (crítica)
- AGIL en Sobre a elección por publicar (crítica)
- Bon 2009! en Xosé Luis Martínez Pereiro recibiu o Premio Rajad.
- Alfredo Ferrero en Sobre a elección por publicar

*O levantador de minas* incorppora vídeos de presentacións de libros e lecturas de poemas



### O Meu Ollar



**Marinha de Allegue**  
Visualizar meu perfil completo

### Olladas desde Aquí

◆ A canción do naufrago II

Cabaret Voltaire, Fran Alonso e Cabrafanada, Francisco Castro e Canción do Naufrago, Uxía Casal e Gradicela, Xabier Cid e As túas balas, Mario Regueira e O porto dos escravos, Séchu Sende e Made in Galiza, Marcos S. Calveiro e Alfaias, cun blog afluente para comentarios da súa *Festina lente*, ou Rubén Ruibal e Alicia crece. As principais editoriais, Xerais ou Galaxia, comezaron hai ben pouco (a segunda hai apenas un mes) este novidoso formato, pero semellan voces, polo de agora, estrañas á substancia individual e pouco transferible dos blogs, máis destinados á comunicación das persoas que carecen de canles canonizados ou das que prefiren a calor inmediateza da resposta. Porque este é o mundo primixenio dos blogs: o da autobiografía entre intelectual e doméstica de quen pretende expresarse e remata por exhibirse ou de quen simplemente enuncia laios, desexos ou compromisos, pero son estimados e atendidos polos seus lectores por esa tenra impostura (de ser esta mentira) da veracidade. Trátase de blogs coma *A raíña vermella*, *Apocalipse do porco*

(un dos máis lidos na rede), *Beliscos pequenos* (co peculiar desenfado de Besbelliña), *Fíos invisibles* (no próximo lonxe de Bos Aires coa voz de Debora Campos), *Bouzafría*, *Leoeoseus* ou *Verbas*, nos que prolifera o comentario despreocupado, cheo de liberdade, sobre a realidade cotián, e que contribúen de forma decisiva á extensión imparabile desta impúdica blogoloxía. Con impronta desigual, o mundo educativo comeza a abrirse a este formato de visibles vantaxes interactivas, alomenos no seu emprego coma un servizo á comunidade. Desde unha biblioteca universitaria, coma *Anabande*, ata unha librería de barrio, coma *Azeta Librería*, ou desde un instituto coma o constante *Trafegando ronseis*, ata lugares de promoción lectora coma *Espazo Lectura*, o modo do blog impónse pola súa inmediatez e pola súa capacidade case inmediateza de desposta neste ámbito. As queixas sobre o pedestre e elemental do sistema de anotacións, sobre todo para quen esixe unha maior liberdade formal, son innecesarias neste terreo, xa que unha boa disposición dos enlaces e da



Vista exterior do mosteiro de Caaveira, nas Fragas do Eume



Captura do blog Fíos invisibles da xarxentino-galega Débora Campos

información que fornece resulta máis ca suficiente.

### AS ARTES VISUAIS

As artes visuais non poden faltar no blogomillo. A banda deseñada ofrece un completísimo panorama, coa *Revista retranca* (creada por Kiko da Silva), que simultanea a impresión cunha vida virtual activa, e con blogs persoais como *Paxarada* ou *As ovellas eléctricas* como especial punto de referencia para os amantes do cómic. O cinema tamén constitúe tema principal do blogomillo, ben coma esporádico recurso nos blogs de carácter cultural, que permite dar voz aos espectadores ocasionais dos filmes, ben coma principal materia a través das anotacións fascinantes de *Cinema Fiki* ou a través das críticas de Martin Pawley no imprescindible *Días estranhos*, unha fonte extraordinaria de información cinematográfica en Galicia.

A música ocupa un lugar moi destacado no blogomillo. O blog da plataforma *A Regueifa* é arsenal de grupos e escaparate das novidades musicais galegas. Os cadernos musicais de *Proyecto Mourente*

(Proscritto Mourente), de *Ataque Escampe* ou de *The Homens* son complemento esencial das súas actuacións, sen darmos ao esquecemento as infinitas páxinas de myspace doutros moitos grupos que propagan así as súas músicas. Sen o concurso dos novos modos de comunicación interneteira, o aprezo e a singularidade deste aspecto da cultura ficaría arrumbado aos recunchos das miles de salas deste país: o soporte amplifica e constrúe un esceario complexo de afinidades e ambicións artísticas. Deste fenómeno a plataforma Blogaliza establece un ránking. No vértice desa lista de éxitos, atópase *O blog de Andrés Milleiro*, que ten nas propias tecnoloxías e nas novidades da rede o seu principal tema. Iso tamén explica que outros blogs coma *Marcus.es*, *Berto* ou *Galpón de Breogán*, que se nutren da propia materia redeira e nacen fundamentalmente do mundo xornalístico, sexan uns dos máis seguidos. E que deles xurdan (con Berto Yáñez como propulsor) algunhas iniciativas case de mancomún, en forma de redes sociais ou de promoción de noticias relativas

**HOXE O QUE NON ESTÁ NO BLOGOMILLO, COMO ANOTANTE OU PARTICIPANTE, SINXELAMENTE NON ESTÁ**

ao ámbito galego como Chuza!, onde todas estas manifestacións atopan unha especie de feira multitudinaria das letras galegas. Facebook, Messenger, Tuenti, o citado Myspace e Foros de toda caste lindan con este mundo dos blogs e nalgúns casos parecen últimamente ultrapasalo. O tempo dirá, mais o que hai un par de anos –este recoñecido blogomillo, ao que deron por morto varias veces– semellaba un espazo alternativo á cultura máis tanxible (en termos de papel ou de presenza física) hoxe é, en moitos casos, a única e máis visible mostra da enerxía cultural dun país. Hoxe, o que non está no blogomillo (como anotante ou participante, que para o caso é o mesmo), sinxelamente non está. Ou non é. ■